

Contido do módulo de *Ferramentas teatrais para a narración oral* impartido por Déborah Vukušić do 5 de marzo ata o 5 de maio de 2026

Duración do módulo:

5, 12, 26, 31 de marzo; 7, 9, 14, 16, 21, 23, 28, 30 de abril; 5 de maio de 2026

No Auditorio Mar de Vigo, aula 5.4 - planta 5.^a (entrada pola porta da UNED, Avda. Beiramar, 57). De 17:00 a 20:00

+ 1 día de mostra, o 8 de maio de 2026. No Café de Catro a Catro (rúa Girona, 16)

Por que a técnica teatral axuda á narración oral?

O teatro fomenta a expresividade, a profundidade e a conexión co público.

1.Expresión corporal e xestual:

O coñecemento e consciencia do corpo para comunicar emocións, acción e personaxes pode enriquecer a narración oral e facela máis dinámica. Así mesmo o control da respiración e do corpo axuda a manter a calma nunha situación de estrés.

2.O uso da voz:

O adestramento vocal teatral pódelle axudar ás persoas narradoras orais a proxectar as súas voces, moduladas segundo sexa necesario e darlle vida a diferentes personaxes e situacións da historia.

3.Emprego do espazo escénico:

As técnicas teatrais poden ensinalles ás persoas narradoras orais a usar o espazo de maneira efectiva, creando unha atmosfera envolvente e visualmente atractiva para o público.

4.Construción de personaxes:

O traballo teatral na creación e construción de personaxes pode enriquecer o xeito no que se presentan os diferentes papeis nunha narración oral, facendo que sexan máis críbles e memorables.

VOZ, CORPO e EMOCIÓN

NARRACIÓN ORAL E TEATRO

- Presentación do curso, obxectivos e integrantes.
- Exercicios de quencemento vocal e corporal.
- Relación entre as disciplinas.
- Xogos e dinámicas creativas.
- A imaxinación e a confianza.

A VOZ E A EXPRESIÓN

- Técnicas de respiración e proxección vocal.
- O aparato fonador.
- O ritmo e a entonación (creación de atmósferas e emocións).
- A pausa, o silencio, a partitura.
- Exercicios de exploración vocal e expresiva.
- Voz e emoción.

O CORPO NA NARRACIÓN

- O corpo como instrumento.
- Exploración da expresión corporal e xestual (linguaxe verbal, non verbal, paraverbal).
- O uso do espazo escénico para enriquecer a narración.
- Improvisacións e exercicios de movemento.

PERSONAXES, RITMO e ESTILO

O PERSONAXE QUE NARRA

- Creación de personaxes e caracterización.
- A máscara.
- Técnicas de construción e desenvolvemento de personaxes.
- Elementos teatrais.
- Improvisacións e exercicios de interpretación do rol.
- A mirada e a voz.

O RITMO E A ESTRUTURA

- Análise do ritmo e da estrutura nas narracións orais.
- Exercicios de marcación rítmica e manexo do tempo.
- Creación de narracións con diferentes estruturas.
- Lenda, anécdota, conto, mito e relato.

INTERIOR E EXTERIOR

- Exploración con obxectos para crear e enriquecer a narración.
- Exercicios de improvisación con obxectos e vestiario.
- O estilo e a conciencia.
- Creación de narracións.
- A creación exterior e a interior.

XESTO, EQUIPO E MOSTRA

LINGUAXE NON VERBAL

- Análise da linguaxe non verbal na comunicación, exercicios de expresión facial e ollada.
- Creación de narracións que empreguen a linguaxe non verbal.

O TRABALLO EN EQUIPO

- Dinámicas e exercicios.
- Ensaio de narracións grupais (coro, canon).
- Preparación dunha peza individual e colectiva.

CLASE ABERTA

- Presentación das narracións individuais e colectivas elaboradas polos asistentes.
- Retroalimentación co público. Reflexión sobre a aprendizaxe e peche do programa.

Déborah Vukušić



Creadora-contadora de historias (actriz, presentadora, directora, produtora e formadora)

Licenciada en Filoloxía Hispánica (UAH) e en Interpretación Textual (RESAD) ten unha dilatada experiencia en cine, teatro e televisión como actriz, directora, guionista, presentadora e produtora.

Ten publicado varios libros de poesía e participado en máis dunha ducia de escolmas, festivais e conferencias.

Investiga diferentes formatos creativos viaxando do teatro á radionovela, da crítica cinematográfica ao documental, do relato á poesía...